

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña)./

Teléf. 981.669.532

[leadermarinasbetanzos@gmail.com](mailto:leadermarinasbetanzos@gmail.com); [blog: http://gdr29.blogspot.com/](http://gdr29.blogspot.com/)

**ACTA DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 18 DE MAIO DE 2009**

En Bergondo, a 18 de maio de 2009, na Sala do Centro Sociocultural “A Senra” de Bergondo, sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

**Asistentes:**

- D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo*, (Sindicato Labrego Galego).
- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. José Manuel Amigo Santos, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas)
- Dna. Cruz Fernández González, en representación da *Mesa sectorial de Asociacións e Colectivos de mulleres* (Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller).
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións Xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza)
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga, Asociación Cultural e Deportiva).
- D. Ricardo Gabín Faraldo, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo)
- D. Edmundo Varela Lema, en representación da mesa do sector institucional (COETICOR)
- D. Xosé Uxio Rey Fernández, en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Venancio Salcines Cristal, Concelleiro de Promoción Económica do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dña. Isabel Díaz García, en representación da *mesa colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s (Asociación de Paraplégicos y grandes minusválidos de Galicia – Aspaym)*
- D. José Francisco Hurtado Durán, en representación da *mesa colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s (ONG Ecos do Sur)*

-----

A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

## **1. LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Apróbbase a Acta da sesión anterior.

Toma a palabra o Sr. Alcalde do Concello de Abegondo, para comunicar que o punto 7 “Novo representante do Concello de Abegondo” , debería ocupar o segundo punto na orde do día.

## **2. NOVO REPRESENTANTE DO CONCELLO DE ABEGONDO**

Se informa ós asistentes que o novo representante do Concello de Abegondo, é o Sr. Santiso Miramontes.

O representante do Concello de Abegondo, pon o seu cargo a disposición da Xunta Directiva, aínda que matiza que se ofrece para que o Concello de Abegondo continúe coa Presidencia do Grupo.

Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da Asociación Cultura Aberta de Carral, propón que a Xunta Directiva elixa a Presidencia, co obxecto de que ésta poida saír reforzada. Esta proposta é tamén apoiada por José Francisco Castro Vilariño, representante da Asociación Roxin Roxal.

O Alcalde do Concello de Coirós, cree que debería saber claramente si o cargo neste caso de presidencia vai ligado ó cargo de alcalde ou á persoa.

A continuación toma a palabra o alcalde do Concello de Paderne, para preguntar si hai propostas entre os membros para asumir a presidencia, polo que o Alcalde de Paderne propón asumir a presidencia e convocar unha próxima reunión para elixir presidencia.

O alcalde de Abegondo toma a palabra, para informar que él cree que segundo a acta da Xunta Directiva do día 10 de setembro de 2008 o cargo recae no Alcalde do Concello de Abegondo, e non vai en contradicción cos artigos 11 e 15 dos Estatutos.

Antón Sánchez, representante do Sindicato Labrego Galego, propón secundar a proposta do Alcalde de Paderne.

Lois A. Ferreiro, cree que non debe politizarse, e só cree que hai que empezar ben a facer as cousas, e secunda a proposta do Alcalde de Paderne.

O Concelleiro de Promoción Económica de Cambre, Venancio Salcines, comunica que non ten nada claro nin a acta do día 10 de setembro nin os Estatutos, polo que considera que sería mellor deixalo para unha vindeira reunión.

O representante do Concello de Oleiros, Daniel Romero non ten inconvinte en que o Sr. Santiso sexa presidente, pero recalca que se deberían facer eleccións, polo que o convida a que se presente.

O Alcalde de Abegondo, matiza que el non elaborou a Orde do Día, pero si que decidiu cambiar a orde, tratando o punto 7 como o segundo. Pensa que é lóxico que a Xunta Directiva ratifícase o cargo. Recalca que é necesario é que hai que buscar o consenso. E que se ofreceu voluntario por operatividade.

O Alcalde de Paderne asume a representación da Asociación se están todos de acordo, deixando para máis adiante a elección de presidente. Tamén informa que por operatividade sería máis interesante que o cargo o seguira asumindo o Alcalde de Abegondo.

A continuación pasa a presidir a xuntanza o Alcalde de Paderne.

### **3. NOVIDADES NO PROGRAMA LEADER GALIZA 2007-2013**

- a) Presentase á Xunta Directiva como anexo o cadro financeiro definitivo do Programa Leader Galicia 2007-2013 para o GDR 29 que recolle os fondos por anualidades. Sinalar que a 30 de novembro de 2010 o GDR-29 ten que ter seleccionados proxectos por un importe que cubra as anualidades precedentes e polo menos a metade dos fondos da anualidade 2010.

Importe mínimo a comprometer: 1.215.958.-€ . Os fondos do Programa que non se axusten a este ritmo de selección de proxectos por parte do GDR serán descomprometidos de oficio e reasignados a outros GDR.

Así mesmo, o reparto do Fondo de Eficacia (1.000.000 euros aproximadamente), será en función deste indicador.

- b) Unha vez rematado o proceso de selección do Equipo Técnico que xestionará o Programa Leader 2007-2013 vinculado á asociación GDR-29, procédese a presentar á Xunta Directiva as persoas que superaron as probas:

- Jorge Blanco Ballón – Xerente Programa Leader 2007-2013.
- Concepción Bonome González – Técnica de Proxectos Programa Leader 2007-2013.
- Isabel Eiriz Naveira – Auxiliar Administrativo Programa Leader 2007-2013.

O Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos foi o 5º Grupo de Galicia en ter o equipo técnico seleccionado.

- c) O traballo a realizar dende o equipo técnico durante os vindeiros meses centrarase na difusión do programa Leader a potenciais persoas emprendedoras, focalizando principalmente os esforzos nos sectores agrario e forestal (agricultores, gandeiros, cooperativas, comunidades de montes, madeiristas, aserradoiros, etc.), coa finalidade de canalizar como proxectos Leader as ideas que xurdan ou xa estén sobre a mesa.

Paralelamente se traballará coas Mesas sectoriais a posibilidade de proxectos en común, segundo as liñas estratéxicas que se recollían na candidatura. Tratarán de canalizarse estes proxectos a través das liñas de cooperación tanto de Agader para proxectos a desenvolver con socios galegos, como a través da Red Rural Nacional, para desenvolver con socios doutras comunidades autónomas e/ou doutros países. Está previsto que estas convocatorias se poñan en marcha durante este ano 2009 (punto que se desagrega máis adiante).

#### **4. PLAN DE DIFUSIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA LEADER 2007-2013.**

Na posta en marcha do Programa Leader 2007-2013 se plantexa a realización de diferentes actividades, sendo a principal o lanzamento do Plan de Difusión, co obxectivo de dar a coñecer e aproximar o Programa tanto á poboación en xeral, como a potenciais beneficiarios de axudas. Paralelamente á posta en marcha do programa, darase a coñecer a “Asociación Mariñas-Betanzos” como Grupo de Desenvolvemento Rural.

##### **Obxectivos do Plan de difusión:**

- Lanzamento do Programa Leader (2007-2013). Facer público o Réxime de axudas, o procedemento de xestión do Programa Leader 2007-2013, a estratexia e liñas de actuación, os procedementos, criterios de valoración de proxectos, así como os lugares a onde dirixirse con ideas e proxectos.
- Achegar á poboación a existencia da Estratexia de desenvolvemento (2007-2013) e os eixos nos que se sustenta.
- Difundir á poboación a existencia da Asociación, abrindo as súas portas á colaboración, e facéndoa participe da problemática territorial identificada, así como das potencialidades que presenta o territorio.
- Motivar, sensibilizar e involucrar á poboación nesta iniciativa de desenvolvemento facéndoos participes do seu propio desenvolvemento e futuro común.

##### **Accións propostas no Réxime de Xestión e que son de obrigado cumprimento:**

1.- Manter xuntanzas con colectivos específicos, organizacións, grupos e profesionais vinculados ao desenvolvemento do territorio (cooperativas, axentes de emprego, socios do GDR, concellos, comunidades de montes).

2.- Manter xuntanzas das Mesas sectoriais do GDR-29 para promover iniciativas e captar ideas para levar a cabo posibles proxectos, tanto de iniciativa privada como proxectos de cooperación en común. Ao mesmo tempo se informará das posibles axudas existentes para executar os proxectos.

3.- Presentacións públicas nos Concellos que o soliciten e reunións públicas nas parroquias do territorio.

4.- Contratación da elaboración de 3.000 trípticos, 300 posters, 1 ploter para presentacións públicas, 1 stand portátil promocional para asistir a feiras, guía para o promotor, imaxe da asociación e distintivo material promocional e de papelería (papel oficial, sobres, tarxetas, carpetillas, bolígrafos) e elaboración da páxina web do GDR-29, onde estará a disposición toda a información relativa ao programa e á asociación.

O Xerente do Programa Leader informa ós asistentes dun erro no orzamento do concurso que o importe real é de 11.800.-€.

A proposta de varios membros da Xunta Directiva se aproba que o número de trípticos a imprimir sexa de 5.000 exemplares. Instase tamén ós Concellos a apoiar na distribución do tríptico.

A mesa de Contratación para a imaxe corporativa queda da seguinte maneira:

- A. Presidencia da ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”, ou persoa en quen delegue.
- B. Vicepresidencia da ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”, ou persoa en quen delegue.
- C. Representante da Mesa Sectorial de Asociacións Deportivas, recreativas, de veciños, culturais, ANPAS: Asociación Cultura Aberta de Carral, ou persoa en que delegue.
- D. Representante da Mesa de colectivos de Interese social, discapacidade e ONG’s: Aspaym, ou persoa en que delegue.
- E. Representante da Mesa de Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza: Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxín Roxal, ou persoa en que delegue.
- F. Secretaría da Asociación “Mariñas – Betanzos”, ou persoa en que delegue.
- G. Xerente do Programa LEADER, que actuará como Secretario.

5.- Envío de cartas informativas a colectivos específicos (xestorías, puntos de información para empregados, axencias de promoción económica, etc.)

O Alcalde de Paderne expón que se debería ter un criterio de reparto para chegar ós máximos colectivos posibles.

Ricardo Gabín, representante da Asociación Rabo do Galo quere deixar constancia que o reparto de publicidade informativa debería ser complementaria, que a verdadeira difusión serían as presentacións e xuntanzas.

6.- Publicación no DOG da apertura do prazo de presentación de proxectos.

Se aproba por unanimidade que se publique o anuncio no DOG, comunicando que se ten aberto o prazo a partir de hoxe, día 18 de maio de 2009.

7.-Para reforzar as anteriores actividades e acadar o maior nivel de compromiso neste primeiro ano, o GDR-29 prantexa o interese de dispoñer dunha persoa dedicada integramente á estas actuacións de animación e difusión por un período máximo de 18 meses, e que poida apoiar tamén a preparación de proxectos a canalizar a través das liñas de cooperación.

En relación a este punto, o representante da Asociación Cultura Aberta propón que o perfil da persoa a contratar ten que ser de animador facendo traballo de campo, aínda que a representante de Aspaym expón que o traballo de oficina tamén é moi importante.

Antón Sánchez, representante do Sindicato Labrego Galego ve necesaria a contratación desta persoa para reforzar o traballo de campo.

O Concelleiro do Concello de Cambre cree que tamén habería que reforzar o traballo cos Técnicos Locais de Emprego municipais, polo que se abstén neste punto.

Apróbase por unanimidade que se contrate unha persoa utilizando a lista en reserva da selección de técnico de proxecto do Programa LEADER (2007-2013), por un período de 18 meses.

#### **5.- APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN PARA A SELECCIÓN DE PROXECTOS DA CANDIDATURA PRESENTADA EN AGADER PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013**

Unha vez revisados por AGADER os criterios de selección de proxectos que se recollían na Candidatura, plantexan diferentes cambios para simplificar o funcionamento e facelos máis claros e concretos.

Xúntase estes criterios de baremación modificados, así como a proposta orixinal.

A Xunta Directiva aproba esta nova proposta, coas suxestións de AGADER.

Xúntase como anexo os criterios de baremación definitivos.

#### **6.- PLAN DE COOPERACIÓN DA REDE RURAL NACIONAL.**

Na estratexia elaborada polo GDR-29 se contemplaban os posibles Proxectos de Cooperación que se pretendían realizar coas convocatorias levadas que poñerá en marcha Agader e a Administración do Estado.

En maio posiblemente salga unha convocatoria para os proxectos de cooperación no marco da Rede Rural Nacional, e por este motivo sería interesante ir traballando a nivel da Asociación "Mariñas-Betanzos" e as Mesas sectoriais, posibles proxectos que poidan ser financiados nesta anualidade 2009.

XÚNTASE COMO ANEXO AS IDEAS QUE SE RECOLLÍAN NA CANDIDATURA, aínda que xa existen outras ideas.

O Xerente do Programa informa ós asistentes que os proxectos de cooperación que esten máis maduros serán os primeiros que se presenten, e que agardase que isto poida saír das reunións das Mesas sectoriais.

#### **7.-APERTURA PRAZO PRESENTACIÓN DE PROXECTOS DO PROGRAMA LEADER:**

O procedemento de concesión de axudas iniciase coa convocatoria pública de selección de proxectos por parte do GDR. A convocatoria estará vixente dende o día seguinte ao da súa publicación no DOG ata o 1 de setembro de 2013.

A Xunta Directiva acorda que se abra o período de presentación de proxectos a partir de hoxe, autorizando ó equipo técnico a que se fagan os trámites oportunos para publicar o anuncio no DOG.

#### **8.- ROGOS E PREGUNTAS**

8.1.) Os membros da Xunta Directiva acordan que as vindeiras reunións se fagan todos os segundos luns de mes ás 19.30 horas.

8.2.) Daniel Romero, Concelleiro de Oleiros pide ó equipo técnico que se lle aclare o tema que ven na Estratexia TEMA CENTRAL AUGA. Aclárase que isto se explica no libro-candidatura.

Daniel Romero, solicita aclaración ó respecto dos PROXECTOS NON PRODUTIVOS sobre elementos de transporte en Concellos.

O representante de Roxín Roxal, pide que se participe en todas as feiras comarcais, propoñendo ós concellos que cedan stand gratuitos á Asociación.

Edmundo Varela, representante de COETICOR, aclara que él chegou tarde á reunión polo que fai unha proposta de que se ratifique ó Alcalde de Abegondo como Presidente.

O alcalde de Coirós, tamén opina igual e que se debería facer unha consulta xurídica en relación a este tema.

Lois A. Ferreiro Bestilleiro, propón non volver a debatir os temas que xa foron e que o acordado foi que nunha vindeira xuntanza se elixa presidente, asumindo neste momento a presidencia o vicepresidente, o Alcalde de Paderne.

A proposta dos membros da Xunta Directiva se acorda que se celebre unha reunión de Xunta Directiva o vindeiro luns 25 de maio de 2009 ás 19.30 horas, para proceder a elección da presidencia.

**Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22.15 horas.**

En Bergondo, a 18 de maio de 2009

A Secretaria,  
Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace O Vicepresidente,  
Asdo.: D. Cesar Longo Queijo

## **ANEXO: CRITERIOS DE BAREMACIÓN DEFINITIVOS PROGRAMA LEADER**

# 1. PROXECTOS DE CARÁCTER PRODUCTIVO

## CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS

### PROXECTOS DE CARÁCTER PRODUCTIVO

Todo proxecto ten que reunir os seguintes requisitos:

- 1.-Carácter innovador.
- 2.-Viabilidade. O proxecto terá que ser viable técnica, económica, ambiental e financieramente.
- 3.-Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento da Asociación Marifías-Betanzos.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
<b>1. Ubicación xeográfica:</b>	<b>Máximo 40 Puntos</b>
<b>1.1. Características económicas do Concello</b>	<b>(Máximo 10 puntos)</b>
Tómase como referencia o IMRPF (Indicador municipal de renda dos fogares) de 2002.	
1.1.1: Concellos con IMRPF < ou igual a 90% (Aranga, Cesuras, Irixoa).	10
1.1.2: Concellos con IMRPF > ao 90% e menor ou igual ao 93% (Miño, Abegondo).	8
1.1.3: Concellos con IMRPF > ao 93% e menor ou igual ao 97% (Coirós, Oza dos Ríos, Paderne).	6
1.1.4: Concellos con IMRPF > ao 97% e menor ou igual ao 100% (Carral, Bergondo, Arteixo)	4
1.1.5: Concellos con IMRPF superior á media galega (Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada)	0
<b>1.2. Características demográficas do Concello</b>	<b>(Máximo 10 puntos)</b>
<b>A.-Densidade de poboación do ano 2007</b>	<b>(Máximo 5 puntos)</b>
1.2.1: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 igual ou inferior ao 50% da media galega (Aranga, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza dos Ríos)	5 (Acumulable)
1.2.2: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 entre o 51% e o 100% da media galega (Abegondo, Paderne)	4 (Acumulable)
1.2.3: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 entre o 101% e o 200 % da media galega (Carral, Miño)	3 (Acumulable)
1.2.4: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 entre o 201% e o 300 % da media galega (Bergondo)	2 (Acumulable)
<b>B.-Taxa de paro (Censo 2001).</b>	<b>(Máximo 5 puntos)</b>
1.2.1: Concellos cunha taxa de paro inferior ao 9% según o IGE (censo 2001) (Aranga, Carral, Paderne).	2 (Acumulable)
1.2.2: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 9% e inferior ao 10% según o IGE (censo 2001) (Oza dos Ríos)	3 (Acumulable)
1.2.3: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 10% e inferior ao 12% según o IGE (censo 2001) (Bergondo, Betanzos, Cambre, Cesuras, Culleredo, Irixoa)	4 (Acumulable)
1.2.4: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 12% según o IGE (censo 2001) (Abegondo, Arteixo, Coirós, Miño, Oleiros, Sada).	5 (Acumulable)
<b>1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto</b>	<b>(Máximo 10 puntos)</b>
Tómase como referencia o Nomenclator de Galicia do ano 2007	
1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas	10
1.3.2: Núcleos cunha poboación superior a 500 e igual ou inferior a 1.500 persoas	8
1.3.3: Núcleos cunha poboación superior a 1.500 e inferior a 2.500 persoas	6
1.3.4: Núcleos cunha poboación igual e superior a 2.500 persoas	0
<b>1.4. Outros criterios xeográficos</b>	<b>(Máximo 10 puntos)</b>
1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC (Grupo de Acción Costeira) (Abegondo, Aranga, Betanzos, Coirós, Irixoa, Carral, Cesuras, Oza dos Ríos)	5 (acumulables)
1.4.2: Proxecto desenvolvido en zonas de montaña ou desfavorecidas (Coiros, Aranga, Irixoa)	5 (acumulables)
1.4.3: Proxecto desenvolvido en espazo natural protexido cunha figura de protección	5 (acumulables)
1.4.4: Proxecto desenvolvido nun Concello incluído nunha zona do Plan de Reequilibrio territorial Galicia (Abegondo, Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne)	5 (acumulables)
<b>2. Características do promotor do proxecto:</b>	<b>Máximo 10 puntos</b>
2.1: Proxecto promovido por unha muller ou por unha entidade onde polo menos o 50% de socios/as son mulleres.	5 (Non acumulables)
2.2: Proxecto promovido por unha persoa xoven ou por unha entidade onde polo menos o 50% dos socios/as son xóvenes (menores de 40 anos).	5 (Non acumulables)
2.3: Proxecto promovido por unha persoa con discapacidade ou por unha entidade onde o 25% dos socios/as son persoas con discapacidade	5 (Non acumulables)
2.4: Proxecto promovido por persoas inmigrantes ou por unha entidade onde máis do 25% de socios/as sexan inmigrantes	5 (Non acumulables)
2.5: Proxecto promovido por unha persoa ou persoas integradas nalgún programa de reinserción social.	5 (Non acumulables)

## 2. PROXECTOS DE CARÁCTER NON PRODUTIVO

### CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
<b>1. Ubicación xeográfica:</b>	<b>Máximo 40 Puntos</b>
<b>1.1. Características económicas do Concello</b>	<b>(Máximo 10 puntos)</b>
Tómase como referencia o IMRPF (Indicador municipal de renda dos fogares) de 2002	
1.1.1: Concellos con IMRPF < ou igual a 90% (Aranga, Cesuras, Irixoa)	10
1.1.2: Concellos con IMRPF > ao 90% e menor ou igual ao 93% (Miño, Abegondo)	8
1.1.3: Concellos con IMRPF > ao 93% e menor ou igual ao 97% (Coiros, Oza dos Ríos, Paderne)	6
1.1.4: Concellos con IMRPF > ao 97% e menor ou igual ao 100% (Carral, Bergondo, Arteixo)	4
1.1.5: Concellos con IMRPF superior á media galega (Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada)	0
<b>1.2. Características demográficas do Concello</b>	<b>(Máximo 10 puntos)</b>
A.-Densidade de poboación do ano 2007 (Máximo 5 puntos)	
1.2.1: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 igual ou inferior ao 50% da media galega (Aranga, Cesuras, Coiros, Irixoa, Oza dos Ríos)	5 (Acumulable)
1.2.2: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 entre o 51% e o 100% da media galega (Abegondo, Paderne)	4 (Acumulable)
1.2.3: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 entre o 101% e o 200 % da media galega (Carral, Miño)	3 (Acumulable)
1.2.4: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 entre o 201% e o 300 % da media galega (Bergondo)	2 (Acumulable)
B.-Taxa de paro (Censo 2001). (Máximo 5 puntos)	
1.2.1: Concellos cunha taxa de paro inferior ao 9% según o IGE (censo 2001) (Aranga, Carral, Paderne).	2 (Acumulable)
1.2.2: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 9% e inferior ao 10% según o IGE (censo 2001) (Oza dos Ríos)	3 (Acumulable)
1.2.3: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 10% e inferior ao 12% según o IGE (censo 2001) (Bergondo, Betanzos, Cambre, Cesuras, Culleredo, Irixoa)	4 (Acumulable)
1.2.4: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 12% según o IGE (censo 2001). (Abegondo, Arteixo, Coiros, Miño, Oleiros, Sada).	5 (Acumulable)
<b>1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto</b>	<b>(Máximo 10 puntos)</b>
Tómase como referencia o Nomenclator de Galicia do ano 2007	
1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas	10
1.3.2: Núcleos cunha poboación superior a 500 e igual ou inferior a 1.500 persoas	8
1.3.3: Núcleos cunha poboación superior a 1.500 e inferior a 2.500 persoas	6
1.3.4: Núcleos cunha poboación igual e superior a 2.500 persoas	0
<b>1.4. Outros criterios xeográficos</b>	<b>(Máximo 10 puntos)</b>
1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC (Grupo de Acción Costeira). (Abegondo, Aranga, Betanzos, Coiros, Irixoa, Carral, Cesuras, Oza dos Ríos)	5 (acumulables)
1.4.2: Proxecto desenvolvido en zonas de montaña ou desfavorecidas (Coiros, Aranga, Irixoa)	5 (acumulables)
1.4.3: Proxecto desenvolvido en espazo natural protexido cunha figura de protección.	5 (acumulables)
1.4.4: Proxecto desenvolvido nun Concello incluído nunha zona do Plan de Reequilibrio territorial Galicia (Abegondo, Aranga, Betanzos, Cesuras, Coiros, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne)	5 (acumulables)
<b>2. Características do promotor do proxecto e ámbito de actuación do proxecto:</b>	<b>Máximo 20 puntos</b>
2.1: Proxecto promovido por entes supramunicipais do ámbito de actuación, así como por entidades públicas ou privadas que promovan proxectos de ámbito supramunicipal.	15 (Non acumulables)
2.2: Proxecto participado por varias entidades do ámbito do GDR Mariñas-Betanzos e promovido por unha entidade do ámbito do GDR (Si máis do 50 % das entidades pertencen a colectivos desfavorecidos 15 puntos)	13 (Non acumulables)
2.3: Proxecto promovido por un concello ou unha Comunidade de Montes	10 (Non acumulables)
2.4: Compromiso do uso do idioma galego por parte da persoa/ promotora na execución e desenvolvemento do proxecto.	5 (Acumulables)
<b>3. Impacto sobre o territorio:</b>	<b>Máximo 40 puntos</b>
3.1 O proxecto utiliza enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético para a sustentabilidade medioambiental. Mellora a calidade ambiental a través da redución, reciclaxe e/ou reutilización de residuos xerados no territorio. (acadase a puntuación co cumprimento dun só requisito).	20 (Acumulables)